

GALICIA PARTICIPA NA XORNADA DE PROMOCIÓN DO COÑECEMENTO, A INNOVACIÓN E O EMPRENDIMENTO EN SAÚDE “INNPULSO SALUD” ORGANIZADO POLO EIT HEALTH

- A xornada celebrouse os días 31 de marzo e 1 de abril en Valencia
- A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde forma parte do nodo español da EIT Health dende o ano 2020 para promover un ecosistema de saúde innovador

Valencia, 2 de abril de 2025.- A Axencia Galega de Coñecemento en participou na xornada InnPulso Salud organizado polo nodo en saúde español do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT Health Spain) celebrada o pasado 1 de abril en Valencia.

InnPulso Salud pretende agrupar o talento a nivel nacional para o fomento do coñecemento, a innovación e o emprendemento en saúde tendo en conta o marco europeo. Liderado pola EIT Health España, conta coa participación activa das organizacións membros de EIT Health en España e de todos aqueles actores dos ecosistemas de innovación comprometidos con xerar impacto na saúde, no sistema sanitario e na competitividade do tecido empresarial do sector a nivel nacional.

A xornada contou coa presenza de representantes do Ministerio de Sanidade, de Ciencia e Innovación e doutras comunidades autónomas encabezadas pola Generalitat Valenciana.

O director da área de desenvolvemento e innovación sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, José María Romero, participou na mesa de impulso dunha ciencia e sanidade emprendedoras para debater sobre as claves para converter a excelencia científica en España nas solucións que necesitan os pacientes, xunto coa comisionada para o PERTE de saúde de vanguardia, Raquel Yotti; o director de xestión do Instituto de Investigación Marqués de Valdecilla, Galo Peralta; e a coordinadora científica da Fundación Vasca de Innovación e Investigación Sanitarias BIOEF, Lorea Mendoza.

A mesa foi moderada pola directora de investigación clínica e traslacional de Farmaindustria, Amelia Martín. Os poñentes debatiron sobre as claves para asegurar que o emprendemento dos investigadores, profesionais e xestores sanitarios sean fontes reais de saúde para os cidadáns e a competitividade do sector.

A xornada foi clausurada pola secretaria xeral de innovación do Ministerio de Innovación, Ciencia e Universidades, Teresa Riesgo e por representantes da EIT Health encabezadas pola súa directora xeral en España, Izabel Alfany.

CONTIDOS RELACIONADOS

Instituto Europeo
de Innovación e
Tecnoloxía (EIT) -
EIT Health Spain